



Convenio entre a Comunidade de Madrid (Consejería de Educación, Ciencia e Universidades) e a Comunidade Autónoma de Galicia (Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional), para a realización de prácticas externas do alumnado do Conservatorio Superior de Danza "María de Ávila".

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Formación Profesional Eugenia Pérez Fernández

DECLARA:

Que esta dirección xeral ten previsto formalizar coa Consejería de Educación, Ciencia e Universidades de la Comunidad de Madrid o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de catro anos dende a súa sinatura.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer un programa para a realización de prácticas académicas externas das/dos estudantes de Grao en Ensinanzas Artísticas Superiores de Danza no Conservatorio Profesional de Danza de Lugo e achegar as súas persoas expertas para o desenvolvemento das mesmas.

Que existe converxencia de intereses entre ambas as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Real decreto 632/2010, do 14 de maio, polo que se regula o contido básico das ensinanzas artísticas superiores de Grao en Danza establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/



UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela.

